



UN REXIONALISTA ENTRE REPUBLICANOS,
EMIGRANTES E CACIQUES
NA GALICIA DA RESTAURACIÓN:

LAMAS CARVAJAL
COMO PRECURSOR
DO AGRARISMO GALEGO

Raúl Soutelo Vázquez

1. INTRODUCCIÓN

É sabido que a obra xornalística e poética de Valentín Lamas Carvajal contén unha crítica moi severa e pormiuzada das consecuencias económicas e sociais negativas que tiña o sistema administrativo e político do Estado centralista liberal para a poboación rural galega do derradeiro terzo do século XIX. Eran anos de forte emigración, de aparente aperturismo do sistema político, coa ampliación do sufraxio a todos os homes maiores de idade, e das oportunidades para a organización social dos obreiros e dos campesiños ó abeiro da Lei de Asociacións de 1887 e, finalmente, coa de 1906 que foi o marco legal no que xudiron centos de sociedades agrarias e sindicatos agrícolas por toda Galicia (Cabo Villaverde, 1998). O escenario sociopolítico mudaba coa entrada das masas na participación electoral e as aldeas galegas conver-

téronse na maior reserva de votos, cando xa o eran de reclutas para as desastrosas guerras coloniais de El Rei de España, e de emigrantes que marchaban 'facer as Américas' animados polos axentes de embarque e polos ganchos que tiraron bo proveito dese tráfico de seres humanos. A crise agraria finisecular e os trabucos que os arruinaran, xunto coa arela de ceibarse da tiranía dos señores da terra e dos caciques que os asoballaban axudan a entender que os galegos marchasen en enxurrada alén do mar. Esta foi a realidade cotiá que coñeceu Valentín Lamas dende cativo, pois criouse nunha familia humilde e hórfa. Foi un máis de tantos estudantes de Medicina que descubren unha vocación humanística e amosou o seu compromiso social a través da súa produción literaria e xornalística. Esta resultou fundamental para modernizar a prensa galega e espallar o pensamento rexeneracionista e rexionalista de Lamas polas feiras e adros de Galicia.¹

1. Lamas comezou a súa andaina periodística en Santiago de Compostela en 1871, dirixindo *La Aurora de Galicia* (Beramendi e Núñez Seixas, 1995: 30); dirixiu *El Heraldo Gallego* entre 1874 e 1880, e botou á rúa *O Tío Marcos da Portela* entre 1876 e 1889 (Valcárcel, 1987: 101-104). *O Tío Marcos* foi un dos primeiros periódicos redactado totalmente en Galego, loubabase na portada de acadar unha tirada de 4.000 exemplares e denunciaba en clave de sátira e humor os padecementos das familias labregas. Foi, asemade, o berce no que xurdiu o vizoso *Catecismo do Labrego*, que apareceu solto dende 1880 e coñeceu máis de vinte edicións ata 1960 (Cabo Villaverde, 2002: 47 e nota 29). Suspendeu a publicación de *El Heraldo Gallego* e *O Tío Marcos* cando as débedas amoreadas o obrigaron a incorporarse á redacción do *Eco de Orense*, que era propiedade do deputado liberal Víctor Pérez, co que mantivo posteriores desavinzas dende *El Eco de Orense* cando aquel fundou *El Miño*.

Valentín L. Carvajal



Labrega de Cacheiras (Teo, A Coruña), á porta da casa co seu home e co irmán dela, que volvera de Cuba, a comezos do século pasado. Tomamos a foto do libro do autor, 2006, Labregas, emigradas estraperlistas e represaliadas, Concello de Valga.

Lamas Carvajal foi, por outra banda, un home de complexa e variable personalidade, que evoluiu dende o republicanismo da súa etapa compostelá ata a colaboración cos conservadores ourensáns, mantendo un rexionalismo folclorista e populista que teñen salientado os sucesivos investigadores que se achegaron ó seu pensamento social (Durán, 1974; Beramendi e Núñez Seixas, 1995: 59). Integrouse nos círculos intelectuais 'oficiais' da cidade. Participaba na tertulia diaria que facían no gabinete negro do Café La Unión o grupo liderado por Marcelo Macías. Contaban, de cando en vez, coa presenza dalgún deputado ou do gobernador civil, que demostraban dese xeito a súa benevolencia coas críticas incisivas daqueles ó sistema político da Restauración, á elite política que o representaba a nivel local e, sobre todo, á situación de miseria material, marxinação social e dominación política na que vivía a maior parte da poboación rural. Estes foron os elementos do discurso social de Lamas que asumiron, despois, os movementos agrarista e nacionalista

de antes da Guerra Civil, como veremos nas páxinas que seguen. Mais poucos souberon facelo coa fina ironía do ourensán.

[...] Proponho, para que os caciques e os zumezugas da terra non chuchen máis nos nosos labregos, ós que tratan como a bestas, que non se poñan camisa para non se quedar sin ela.²

2. O pensamento social e político de Lamas Carvajal

Lamas denunciou as prácticas caciquís dos conservadores ourensáns, pertencentes, neste caso, á poderosa familia dos Bugallal que tiña controlada maior parte dos distritos electorais da provincia (Prada e López, 2001). Certo é que el só participou como 'plumilla' na turrupaya política entre os dous bandos dinásticos, que axiña se enemistou cos liberais e que rematou achegán-

2. Citamos, textualmente, dun "casos e cousas" do *Tío Marcos da Portela*, que recolleron Jesús de Juana e Xavier Castro (1987: 204) no mellor traballo realizado ata agora sobre a significación da obra de Valentín Lamas Carvajal. Este empregou a sección "casos e cousas" de *O Tío Marcos da Portela*, para denunciar a explotación económica de Galicia polo Estado liberal español a través dos impostos e aplicando unha política arancelaria lesiva para a nosa terra. Lamas criticaba, asemade, que os gobernos da Restauración non atendesen as necesidades de investimentos en estradas, liñas ferroviarias e comunicacións por telegráfo e estafetas de correos, nin creasen as escolas rurais que eran de urxente necesidade, como pode verse nas edicións do 14 de novembro de 1888, do 2 de xuño de 1889 ou do 20 de outubro dese mesmo ano. Os mesmos argumentos xa aparecían en *El Heraldillo Gallego* (18-3-1876) e repítense no *Eco de Orense* do 20 de xaneiro de 1891, porque constitúen a cerna do rexionalismo de Lamas Carvajal.



Familia labrega da comarca de Ferrolterra. A foto fíxose para enviala ó fillo emigrado en Cuba, está publicada en Núñez Seixas e Soutelo Vázquez, 2004, As cartas do destino, Galaxia, Vigo.



dose ós conservadores, o que anuncia, tamén, a inestabilidade das alianzas políticas das sociedades agrarias que foi a característica sobranceira do movemento campesiño nas primeiras décadas do século pasado.³

El desenvolveu un populismo campesiñista e anticaciquil que empregaba unha linguaxe coloquial para dirixirse ós sectores máis acomodados do campesiñado. Os seus “Parrafeos co pobo galego” inducían a desconfiar dos proxectos políticos dos partidos dinásticos e espallaban ideas de tipo rexeneracionista e rexionalista, como xa espuxeron, no seu día Jesús de Juana e Xavier Castro (1987: 198). Valentín Lamas converteuse no escritor máis lído polos labregos galegos. As súas ideas acadaron trascendencia na mobilización sociopolítica das décadas seguintes, nomeadamente coas organizacións agrarias e, tamén, coas propostas dos rexionalistas e nacionalistas das Irmandades da Fala para a paisanaxe galega.⁴

Lamas Carvajal presenta a Galicia rural coa imaxe tónica dun pobo de labregos que padecen o esquecemen-

to dos gobernos españois agás cando se trata de cobrar os trabucos ou a renda en sangue das levas militares e de mantelo asoballado a través dos caciques locais. Aquel era o responsable, asemade, do analfabetismo de boa parte da poboación rural, pola escaseza das escolas e a pésima dotación das poucas que existían, ata que as sociedades agrarias e as de instrución dos emigrados crearon centos delas por todo o país. A parroquia dacá e dacolá do mar non podían sustituir ó inoperante Estado español da Restauración na creación das infraestruturas ferroviarias, das estradas e dos portos que precisaba Galicia. E esta carecía de políticos comprometidos coa defensa dos seus intereses diante das instancias de poder, segundo afirmaba Valentín Lamas. Pois ós deputados dos partidos dinásticos só lles preocupaba satisfacer a súa ambición particular e manter a fidelidade electoral do ‘seu’ distrito. Semellante felonía producíase, ademais, no contexto da crise agraria finisecular e da desfeita das actividades artesanais e comerciais a microescala, que arruinaron a milleiros de familias condeadas a fuxir da miseria e da marxinação emigrando ó novo mundo.

3. Lembremos, porén, que Lamas Carvajal padeceu directamente as consecuencias desa loita de faccións entre os bugallistas e os liberais de Vicente Pérez. Tivo denuncias e multas de varios alcaldes conservadores, ata que abandonou ese xogo de elites. Comezou, ó pouco tempo, outra agría polémica co periódico *El Miño* que fundara o propio Vicente Pérez, cando Lamas denunciou o pacto entre este e Bugallal, que acadara a acta de deputado por Ribadavia a costa de Merelles. Lamas achegouse entón ós conservadores cos artigos publicados no *Eco de Orense* dende abril de 1899. Pérez reacciona sacando á rúa o xornal *El Miño* e Lamas atácao en artigos como “El cacique de Orense” (*Eco de Orense*, 8-IV-1899). Catro anos despois, Lamas solicitaba a mediación do propio Bugallal, que desempeñaba o Ministerio de Instrucción Pública naquela altura, para dotar cunha biblioteca ó Centro Católico Obreiro de Ourense, segundo figura no *Boletín del Centro Católico Obrero de Orense* (nº 3, agosto de 1903).

4. A influencia social dese discurso campesiñista e anticaciquil, expresado en lingua galega, que acadou *O Tío Marcos*, foi o que animou a dous rexionalistas tan avespados como Xabier Prado ‘Lameiro’ e Arturo Noguero Buján a recuperar dita publicación en 1917 como voceiro da Irmandade Rexionalista de Ourense (Valcárcel, 1987: 61 e ss., 104).

Valentín L. Carvajal



Familia labrega de Moeche (Ferrolterra) cos fillos emigrados. A foto fíxose como lembranza da viaxe dos 'cubanos' á súa aldea de orixe, está publicada en Núñez Seixas e Soutelo Vázquez, 2004, As cartas do destino, Galaxia, Vigo.

Porén, algúns deses labregos protestaron, por exemplo na comarca de Valdeorras, e resistíronse a pagar os impostos coa forza da rebeldía xusta contra dos abusos dos poderosos locais e dun Estado alleo á terra nai, segundo explicaba o propio Lamas:

[...] Anos hai que a nosa provincia ven sufrindo unha crise económica de consideración. Os pagos nas obrigas dos concellos retránsanse nas caixas provinciais polo desconcerto administrativo e influencias para prolonga-los pagos alentados pola impiedade e a protección política, os caciques rurais seguen na súa obra desorganizadora [...] Urxe desterrar estes abusos administrativos para mellora-la marcha dos negocios públicos; caso contrario serán inútiles todo-los esforzos para conxura-la crise económica.⁵

Mais Lamas era, tamén un perspicaz observador e apunta que o atraso económico de Galicia non era unha responsabilidade exclusiva do centralismo estatal, e interpela ó sector dos labregos alfabetizados, que posuían terras e gandos de seu, explotados directamente ou en parceria, e ós labregos con explotacións insuficientes e familiares emigrados, animándoos a que se unan en cooperativas que fagan máis doada

a súa integración nos mercados. Reclama, asemade, a necesidade de crear bancos agrícolas, pois *“la carencia de actividad económica y de unión social de todos los pueblos gallegos, la apatía de nuestro carácter, el egoísmo que informa el espíritu de nuestra naturaleza”* era a orixe do desaxuste estrutural da sociedade rural galega⁶. Valentín Lamas insiste en que esta situación era o resultado da actuación de factores externos sobre a economía e a sociedade galega. Salientaba, porén, que a desunión e a apatía do campesiñado galego reforzaban a situación de explotación económica, marxinação social e dominación política que padecían eles mesmos, documentando as súas afirmacións con exemplos abondo elocuentes.

[...] En época de quintas apenas hai mozos que poidan firma-la súa filiación... existe en cada aldea un home ou muller que, máis adiantados cós veciños, fan dos seus coñecementos rudimentarios unha industria que lles proporciona un modesto salario adicándose a escribi-las cartas que estas xentes sinxelas remiten ó esposo ausente en América na procura de traballo ou ó fillo arrebatado do fogar patarno para expo-la súa vida nos azares e fatigas da guerra [...] Un pobo nesas condicións non pode

5. Citamos, textualmente, do artigo “A crise económica e o incumplimento das obrigas fiscais dos concellos”, *Heraldo Gallego*, (15-III-1880). O mesmo tipo de críticas aparecen, tamén, nas edicións do mesmo periódico do 1-I-1874 e do 22-X-1874.

6. A frase entre aspas procede de “la causa de nuestros males”, *Heraldo do Gallego* (16-IX-1875).



usa-los seus dereitos nin cumpli-los seus deberes, nin recibi-las reformas do progreso, pois ignoran os adiantos da industria e nun pobo analfabeto, o periodismo non pode exercer-la súa benfeitora influencia [...] A plaga social do analfabetismo enxendra discordias entre os nosos infortunados labregos. Axuda a nutri-lo monstruo da ignorancia a desidia das corporacións municipais, os cregos parroquiais e os pais de familia que non fan nada para que os cativos acudan a escola dunhos profesores de Instrucción Pública remunerados nos nosos concellos con 300 pts. e que carecen de coñecementos i educan por procedementos rutinarios i estériles.⁷

A situación era crúa e por iso os mozos fuxían do caciquismo e do centralismo que esquilmban a terra na que naceran. As solucións que ofrece Lamas estaban inspiradas nos programas rexeneracionistas de despensa e escola que se estilaban na época. Erradicar o caciquismo que reforzaba a nivel local o centralismo do Estado liberal era fundamental para cortar o éxodo migratorio dos fillos máis emprendedores de Galicia, porque a política miúda era o seu andazo principal.

[...] El labriego gallego sufre las consecuencias de una mala administración y satisface, a costa de penosos sacrificios, los exorbitantes impuestos que sobre la propiedad territorial gravitan [...] Emigrando desesperado cuando la extrema situación de miseria le imposibilita permanecer en la aldea [...] Todas las causas que en España sustentan a la emigración están recrudescidas en Galicia, numerosos obstáculos dificultan el desarrollo de la agricultura: la desunión lo esteriliza todo, la más despiadada usura lo invade todo mientras las clases acomodadas retraen cualquier apoyo a la clases proletaria... se desconoce el espíritu de asociación y si alguna protección existe, no se auxilian ni se asocian [...] El poder rural abusa



Emigrante en Cuba cos seus pais nunha aldea de Chantada. A foto fíxose na viaxe de retorno do mozo, está publicada en Soutelo Vázquez, 2006, Labregas, emigradas estraperlistas e represaliadas, Concello de Valga.

sin conciencia y sin compasión de nuestros labriegos, convirtiendo a hombres libres en esclavos abyectos. es un poder siniestramente asociado a la curia [...] Faltarle al señor influyente de la comarca equivale a hacerlo con la autoridad y el presidio acostumbra a ser el castigo impuesto [...] El terror es el auxiliar de la Ley en la aldea, la ambición del sr. rural su consejero y la venganza personal su norma [...] Compárese la rapidez con que en nuestras aldeas unos labran su fortuna y otros se arruinan, emigrando porque en su tierra no hay trabajo ni justicia.

7. Citamos, textualmente, do artigo "Instrucción primaria en Galicia", *Heraldo Gallego* (15-I-1880).

Valentín L. Carvajal

Selo do Sindicato Agrario
A Moralizadora de San
Sadurniño, publicada
en Núñez Seixas
e Soutelo Vázquez, 2004,
As cartas do destino,
Galaxia, Vigo.



[...] La política ha hecho presa en los pueblos rurales, separando y sembrando la discordia en las clases sociales por la falta de ilustración y la influencia de quienes aspiran a representar al distrito, sin reparar en medios para imponer su voluntad como dueño y señor de la comarca [...] En lugar del Feudalismo ha aparecido el caciquismo rural, más temido y de más funestas consecuencias [...] Es el propietario acaudalado, aventurero audaz o persona con cargo oficial que aspiran a mandar en los míseros campesinos que pagan, sufren y lloran en secreto.⁸

Lamas preocupábase, fundamentalmente, polo progreso material e espiritual do campesiñado parcelario e por iso procura a mellora das estruturas económicas do país, mergullado naquela altura na crise económica e no éxodo masivo cara América. Representa esa situación coa imaxe metafórica dunha vaca mirrada á que munxen dun xeito insaciabel ata que a matan, que ben puido inspirar a coñecida denuncia gráfica de Castelao. De calquer xeito, contribuíu en grande medida a espertar a conciencia social dos nosos paisanos que deberon formarse como clase no sentido thompsoniano do termo, cando lían as agudas sátiras de *O Tío Marcos da Portela* ou o *Catecismo do Labrego*.

Esa mesma imaxe do labrego como un ser mísero no peto e no ánimo que se sente indefenso diante das inxustizas do Goberno e dos caciques, aparece no resto da produción literaria e, especialmente, na obra poética de Lamas Carvajal. É o autor que mellor representa, con Curros Enríquez, o compromiso dos intelectuais rexionalistas da xeración do Rexurdimento co campesiñado galego da época, como salientou, no seu día, Carlos Velasco (1993: 77). Non cabe dúbida que Valentín Lamas describiu con claridade as míseras condicións de vida dos nosos labregos, denunciado esa tríada maléfica das quintas, os consumos e os empréstitos usurarios, que os mantiñan na fame crónica, endebedados e condeados e caer nas mans dos axentes de embarque que procuraban 'enganchar' como emigrantes a cantos quixesen fuxir das abafantes gadoupas dos usureiros e dos caciques nas aldeas galegas das décadas finais do século dezanove.⁹

Valentín Lamas botou man da poesía como recurso para denunciar a explotación inmisericorde dos pobres labregos, porque eran mansos, apáticos e individualistas, e reivindicar fondas mudanzas na situación económica e social das aldeas galegas. Sobardou o costumismo ruralista do xénero, o mesmo que fixo o propio Curros, e converte a palabra nunha incitación á protesta contra os excesivos impostos, as quintas e os frecuentes abusos dos caciques cos repartos arbitrarios de consumos e coa manipulación da xustiza para beneficiar ós seus clientes e parentes¹⁰. É outro dos aspectos do pensamento de Lamas que retomaran os rexionalistas ourensáns e os agraristas galegos nas primeiras décadas do século XX, como veremos de seguido.

8. Os dous fragmentos que citamos textualmente proceden dos artigos "La emigración de los gallegos" (*Heraldo Gallego*, 25-II-1880), e "El estado de la población rural" (*Heraldo Gallego*, 5-III-1880).

9. Esa vida era, ó cabo, "o inferno dos que pagan os trabucos e rendas e non teñen pan para levar a boca; o purgatorio dos que van ó servizo do Rei, vendo quedar ós fillos dos ricos na casa; o limbo dos nenos onde se atopan os que fan a aprendizaxe de labregos, descalzos de pé e perna, esfarrapados, acoradiños de fame, arrecadando o gando na chouza e a leña no monte e sin ver xiquera unha letra da cartilla dos Cristos; e o limbo dos xustos, onde viven os alfabardas que creen nas predicacións dos políticos, nas verbas dos deputados, na protección do Goberno, en que han de saír campantes dos seus atolladeiros sin unta-lo carro i en que lle han de facer xustiza tendo somentes a razón: xente a máis feliz de todas, porque coida que abonda con traballar para comer" segundo escribiu o propio Lamas Carvajal (1888: 29-30).

10. Véxase, a xeito de exemplo, o artigo "Palique" (*O Tío Marcos da Portela*, 21-7-1889).



Familia labrega á porta da casa a mediados do século pasado, arquivo do autor.



3. A influencia de Lamas Carvajal no movemento agrarista e no nacionalismo galego de antes da Guerra Civil

Valentín Lamas Carvajal anticipou moitos dos temas centrais ou vectores de mobilización na crítica das organizacións agrarias galegas e dos rexionalistas ó sistema político da Restauración. A denuncia do Estado liberal español que esquilmba á nosa terra a través do cobro dos impostos, da recruta obrigatoria dos mozos para os exércitos do Rei de España e das redes de caciques que señoreaban as aldeas galegas xa estaban na obra de Lamas e figuran, tamén, nos mítinis e artigos de prensa dos agraristas galegos (Cabo Villaverde, 2002: 46). Eses temas acaían ben no ambiente socialcatólico rexionalista, e crítico co Estado centralista español e cos caciques locais, no que se formaron Basilio Álvarez e o fato de intelectuais de familias abastadas, como Arturo Noguerol ou Antonio Buján, que lideraron o movemento agrario ourensán a partir de 1910 e como resultado das campañas de axitación campesiña da Liga Agraria de Acción Gallega (Soutelo Vázquez, 1999).

De todos os xeitos, a importancia do ideario social de Lamas derívase non tanto da súa novidade como do

espallamento social que acadaron e, sobre todo, da súa incorporación ó repertorio reivindicativo das organizacións agrarias e rexionalistas galegas. Lamas era populista e como tal, afirmaba que as esencias tradicionais de Galicia residían no campesiñado que constituía o alicerce da rexeneración do país pois conservara a lingua e o espírito comunitario da aldea. Mais era necesario que os labregos se integrasen dun xeito subordinado no proxecto de recuperación da identidade de Galicia que deseñaran as elites autóctonas. E mesmo se pregunta, a xeito de desafío, “*cando o día será en que resoe / inframada na chouza e máis no pazo / máxica voz que a libertá pregoe / e os galegos nos deamos un abrazo*”.¹¹

É certo que Lamas apenas analizou os factores endóxenos que ocasionaron o atraso económico de Galicia e empobreceron a boa parte da súa poboación sen fomentar un proceso de industrialización como o que tivo lugar en Cataluña ou Inglaterra. Nunca alude, por exemplo, á estrutura foral da propiedade nin ó papel dos cregos como salvagardas e fiscalizadores da cultura e das mentalidades do campesiñado galego. Tampouco reflexiona sobre as consecuencias económicas e

11. Véxase “*Cartas ós galegos. Décima*”, citamos por Jesús de Juana e Xavier Castro (1987: 203). Nótese que esta proposta de integración vertical dos labregos co sector de ‘neofidalguiños’ que eran a aristocracia intelectual e natural de Galicia, como fórmula simbiótica imprescindible para a rexeneración do agro galego será unha idea que retomen Losada Diéguez e o resto dos neotradicionalistas de Ourense (Soutelo Vázquez, 1999).



sociais que podía ter a peculiar organización da propiedade da terra, que estaba determinada pola pervivencia do foro e pola extracción sistemática do excedente agrario para os propietarios rendistas. Outrora, este contrato agrario déralle estabilidade na xestión da terra ós labregos, pero na altura de finais do século XIX era pouco máis que un mecanismo de coacción electoral dos señores sobre os foreiros pola posibilidade legal que tiñan aqueles de esixir ós cabezaleiros o pago con puntualidade de toda a renda cando este e aqueles non votaran ó candidato debido...¹². Porén, eses atrancos estruturais non aparecen na análise social que realizou Lamas Carvajal, como tampouco os salientarán, máis tarde os fidalguiños neotradicionalistas do *Grupo Nós* ourensán. O silencio de Lamas pode explicarse porque rexeitaba as reivindicacións abstractas de liberdade, a redención foral e mesmo o exercizo da participación política por parte dos labregos. El coidaba que estas arelas eran simples maniobras dos políticos e que non resolvían as necesidades máis urxentes das familias labregas que eran de saneamento da administración local, de despensa e de escola.¹³

Lamas Carvajal configurou o discurso populista de formulacións agrario-rexionalistas que desenvolveu, dúas décadas máis tarde, o propio Basilio Álvarez. Os dous centraron o seu compromiso social na crítica recorrente contra o Estado centralista español que era moi eficaz cobrando impostos e reclutando soldados, pero non investía os seus recursos en desenvolver as estruturas de Galicia porque ós políticos dos partidos dinásticos só lle interesaban os votos dos labregos.

[...] Vivimos entre un pueblo esencialmente agrícola, honrado, laborioso y grande [...] Entre un pueblo que ha sido siempre abandonado por todos

los gobiernos de España, que se cuidan solo de arrebatarse para el contingente del ejército los brazos tan necesarios para la agricultura, único medio de vida con que cuentan los campesinos de estas comarcas, y de cobrar las crecidas contribuciones que les imponen, amenazándolos con repugnantes recargos [...] Se nos echa en cara nuestro notable retraso, sin que nadie se detenga a examinar las causas que lo motivan. No hemos tenido verdadera representación en las Cámaras Nacionales, las candidaturas se elaboran en el gabinete de un ministro [...] Sale triunfante en las elecciones por la presión oficial un candidato extraño que desconocía nuestro territorio, organización social y política, así como nuestras costumbres.¹⁴

Esta é, quizais, a principal diferenza entre o discurso destes homes e a posterior actuación do movemento agrario galego. Solidarios, antiforistas de Teis ou a Liga Agraria de Acción Gallega incorporaron o rexionalismo, o anticaciquismo e a resistencia ó pago dos trabucos, nomeadamente ós consumos, como vector de mobilización do campesiñado galego. A demanda da supresión dos foros por vía de redención ou de abolición foi o principal deles, como demostrou a andaina sociopolítica desas organizacións agrarias entre 1923 e 1936 (Cabo Villaverde, 1998; Soutelo Vázquez, 1999). Pola contra, os dous estudos que mellor caracterizaron a figura e a evolución do pensamento social de Lamas Carvajal, coinciden en salientar que el nunca defendeu explícitamente o redencionismo foral e que se foi achegando paseniñamente ós postulados sociais do rexionalismo costumista de raíz socialcatólica da época (Durán, 1977: 59-61; De Juana e Castro, 1987: 197-198). Lamas centrou as súas denuncias na responsabilidade do Estado liberal e centralista da Restauración e dos 'lobos da terra' enviados por aquel para cobrar trabucos, executar embargos e reclutar soldados entre o campesiñado

12. Remitimos ó lector ós traballos realizados polo profesor Ramón Villares sobre a propiedade da terra en Galicia dende o século XVI e, sobre todo, despois da desamortización liberal ata a Guerra Civil (Villares Paz, 1982 e 1994).

13. Véxase, a xeito de exemplo, o seu artigo significativamente titulado "pan, pan, pan" (*O Tío Marcos da Portela*, 8-1-1888).

14. Citamos do artigo "Lo que somos y a lo que venimos" que foi unha sorte de declaración de intencións de *El Heraldo Gallego* (nº 1, 1-1-1874).



Mulleres de Arcos da Condesa (Caldas de Reis) coas vacas. A foto fíxose para enviála ós homes que estaban emigrados, publicouse en Soutelo Vázquez, 2006, Labregas, emigradas estraperlistas e represaliadas, Concello de Valga.



galego, que só dispuña da colleita de millo e das crías do gando vacún para pagarlle ó Fisco na imaxe que nos transmiten os rexionalistas como Alfredo Brañas (1892: 97 e ss) ou o propio Valentín Lamas. A cerna da súa obra é o desacougo que lle produce a situación de atraso económico de Galicia, a miseria das súas xentes e a falla dun porvir para eles diante da tiranía dos caciques locais, do desinterese dos deputados de orixe galega e da ausencia de investimentos do Estado español nesta fisterra atlántica da que fuxían os seus fillos á procura da fortuna alén do mar. Lamas denuncia coa precisión dun arbitrista e coa paixón dun nacionalista ou, simplemente, dun humanista con razón e corazón.

[...] El pueblo gallego carece de verdadera representación en las Cortes porque no puede emitir su veredicto con libertad y las opiniones políticas de

los diputados gallegos son siempre idénticas a las del poder [...] Solo cuenta la voluntad de alcaldes y caciques que conducen al colegio electoral como un rebaño de borregos a los que ejercen el derecho de sufragio [...] Estas personas influyentes se valen de todos los medios para esclavizar a su pueblo: préstamos a rédito escandaloso, cereal adelantado para la siembra que luego se cobra recuperado y ya se creen con derecho a imponerse en la conciencia campesina.¹⁵

A súa meirande achega ó repertorio de recursos para a mobilización do campesiñado que empregaron, décadas máis tarde, as organizacións do movemento agrario, consistiu en sinalarlle os espazos tradicionais de sociabilidade do mundo rural que debían converter en escenarios para os mitins e para difundir a prensa agraria. A sociali-

15. Citamos, textualmente, do artigo "El estado de la población rural", *Heraldo Gallego*, (5-III-1880).

Valentín L. Carvajal



zación política do campesiñado galego comezou coa lectura de O Tío Marcos nas feiras e nos adros das igrexas. Deu un salto cualitativo cando os solidarios, antiforistas e o propio Basilio Álvarez arengaron ó pobo neses mesmos lugares e xa non tivo volta atrás cando as sociedades agrarias parroquiais ou municipais construíron casas de seu con escolas grazas ás remesas colectivas que enviaron dende La Habana e Buenos Aires os veciños que estaban emigrados (Núñez Seixas, 1998). Lamas amosoulles tamén ós agrarios a importancia de dispor dun periódico que actuase como voceiro da súa organización para mobilizar ó campesiñado. Basilio Álvarez comezou a súa andaina de xornalista a carón de Lamas Carvajal, aprendeu do seu mestre e por iso contou, sucesivamente, co periódico *Acción Gallega* e co xornal *El Heraldo Gallego* como voceiros da súa organización agraria. Reeditou, tamén, a avinza inicial de Lamas cos liberais ourensáns, cando aceptou o ofrecemento do *Heraldo de Galicia* de Adolfo Merelles, que era o deputado liberal do distrito de Ribadavia, para expresarse nel, despois de que as autoridades provinciais suprimiran aquelas cabeceiras no 1913 (Valcárcel, 1987: 58-59). E se o famoso *La Zarpa* de Basilio Álvarez acadou a presenza social que tivo entre o campesiñado de Ourense foi, en grande medida, porque os nosos *paisanos* xa integraran na súa cultura política o discurso antiforal e anticaciquíl lendo *O Tío da Portela*. De feito, a prensa agraria tomou o discurso populista, rexionalista e anticaciquil deste, engadíndolle o antiforismo e a participación política como vectores de mobilización do campesiñado galego na segunda década do século pasado.¹⁶

Resulta doado de entender, xa que logo, que Valentín Lamas Carvajal recibise en vida as lou-

banzas dos seus coetáneos, boa parte dos cales continuaron a súa defensa de Galicia e dos galegos. El entrou “na chouza campesiña para compartir fondas saudades e amarguras”. Foi compañeiro das ruadas e peregrinacións do labrego, e a súa protesta diante do expolio ó que sometían o Fisco español e os caciques e usureiros galegos ós labregos axudaron a erguer a alma rexional de Galicia, segundo escribiu Benito Fernández Alonso (1816: 180-183). O propio Losada Diéguez recoñeceu que o seu nome acadara sona “*polas feiras e polas romarías, festas do traballo e da Fe, decote ledas, nas corredeiras e nas noites de parrafeos*”. Lamas fuxiu das argalladas das cidades e das liortas políticas, mas espallou o pensamento fisiócrata e rexionalista dunha beira a outra de Galicia a través de *O Tío Marcos da Portela*. Ó cabo, foi a propia memoria popular, que é a cerna do espírito desta nosa terra nai, quen o fixo inmortal, segundo escribiu o propio Antón Losada Diéguez.¹⁷

Nada cabe engadir ás súas verbas agás renovar o chamamento ás xeracións mozas para que achen o seu esforzo na angueira sagrada de facermos país entre todos, seguindo o exemplo destes homes, que soñaron unha Galicia dona dos seus recursos e do seu futuro, sen emigrantes ne caciques, que fose acollidora para cantos viñese de fóra ou retornasen a ela. Valentín Lamas sementou as ideas nas que se formaron os agraristas e os galeguistas da Xeración das Irmandades que acadaron o Estatuto de Autonomía de 1936. Os anos de represión franquista, de medo ós asasinados da camisa azul, de fame provocada pola política autárquica, de éxodo rural masivo e de adoutrinamento españolista das xeracións posteriores non abondaron para borrar a lembranza de cantos loitaron por unha sociedade máis xusta e demo-

16. Basilio Álvarez publicou os seus primeiros artigos nas páxinas do *Eco de Orense* e no *Heraldo Gallego* de Lamas Carvajal (Valcárcel, 1984: 14 e ss.). O poeta cego dedicoulle unha agarimosa lembranza na carta póstuma que dictou a Rey Soto “*en pago de lo mucho que trabajó Vd. para el Eco*”. Concluía dicindo que “*estuvo usted acertadísimo al decir que tengo un gran corazón. Eso me vale*” segundo recolleu o erudito Benito Fernández Alonso (1916: 183). Os agrarios ourensáns desenvolveron unha “ofensiva creadora de xornais” a partir de 1915 da que resultaron *La Raza*, *La Voz del Agro* e finalmente, *La Zarpa* en 1921. Este subtítulado “diario de los agrarios gallegos” declarábase “órgano oficial de la Federación Provincial Agraria” e estivo controlado sempre pola vella garda basilista que xurdira nas campañas de *Acción Gallega*.

17. Citamos do seu artigo titulado “Valentín Lamas Carvajal”, *O Tío Marcos da Portela*, nº 32, 31-V-1918).



crática nesta fisterra atlántica de Europa. De certo que a todas as vítimas daquela noite de pedra que durou corenta anos lles presta saber, dende o ceo dos bons e xenerosos, que setenta anos despois, terán, por fin, o lugar que merecen todos eles na Historia e na Memoria desta Galiza nosa e, sobre todo, que as súas ideas forman parte da identidade colectiva e da cultura política da inmensa maioría dos galegos.

BIBLIOGRAFIA CITADA

1. Obras coetáneas.


- BRAÑAS, A., 1892, *La crisis económica de la época presente*, A Coruña.
 FERNÁNDEZ ALONSO, B., 1916, *Orensanos ilustres*, Ourense.
 LAMAS CARVAJAL, V., 1888, *O Catecismo do Labrego*, Ourense.

2. Estudos posteriores.

- BERAMENDI, X.G. e NÚÑEZ SEIXAS, X. M., 1995, *O Nacionalismo Galego*, Eds. A Nosa Terra, Vigo.
 CABO VILLAVERDE, M., 1998, *O agrarismo*, Eds. A Nosa Terra, Vigo.
 — 2002, *A prensa agraria en Galicia*, Duen de Bux, Ourense.
 DURÁN, J.A., 1974, "Valentín Lamas Carvajal (1849-1906)", *Crónicas I, agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*, Akal, Madrid.
 JUANA LÓPEZ, J. de, e CASTRO PÉREZ, X., 1987, "Aportación de Lamas Carvajal al Regionalismo gallego", *Estudios de Historia Social*, nº 28-29, pp. 197-205.
 NÚÑEZ SEIXAS, X. M., 1998, *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia, 1900-1930*, Eds. Xerais, Vigo.
 — 2002, *O inmigrante imaxinario: estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Servicio de Publicacións da U.S.C., Santiago de Compostela.
 — e SOUTELO VÁZQUEZ, R., 2004, *As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos (1919-1971)*, Deputación

Provincial de A Coruña - Editorial Galaxia, Vigo.

- PRADA RODRÍGUEZ, X., e LÓPEZ BLANCO, R., 2001, "Galicia" en J. Varela Ortega, dir, *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales - Marcial Pons Historia, pp. 349-381.
 SOUTELO VÁZQUEZ, R., 1999, *Os intelectuais do agrarismo. Protesta social e reformismo agrario na Galicia rural: Ourense, 1880-1936*, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
 — 2006, *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas. Experiencias de vida e lembranzas de mulleres na Galicia rural: 1900-1960*, Premio Xesús Ferro Couselo de Ensaio (IX Edición), Concello de Valga.
 VALCÁRCCEL LÓPEZ, M., 1987, *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Excma. Deputación Provincial de Ourense.
 VELASCO SOUTO, C. F., 1993, "O campesiñado galego no século XIX nas fontes literarias e judiciais. Por uma revisão de certos tópicos tradicionais", en Jesús de Juana e Xavier Castro, dirs., *Novas Fontes. Renovadas Historias*, VII Xornadas de Historia de Galicia, Excma. Deputación Provincial de Ourense, pp. 73-89.
 VILLARES PAZ, R., 1982, *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*, Siglo XXI, Madrid.
 — 1994, *Desamortización e réxime da propiedade*, Edicións A Nosa Terra, Vigo.
 — 1997, *Figuras da nación*, Xerais Universitaria, Vigo.
 — e FERNÁNDEZ, M., 1996, *Historia da emigración galega a América*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.



12 Agosto 907

Sr. D. Manuel Murguía

Muy Sr.mio: el dia 4 de Septiembre próximo es el aniversario de mi esposo Lamas Carvajal (q.e. e.p.e.) y piénsase hacer un n^o extraordinario y deseaba que la firma de V. figurase en él, mucho le agradecería me mandase aunque no fuera mas q^e un par de cuartillas antes del 20 y si V. quiere hacer el favor de decírselo á algun escritor de la Real academia pues yo no se de nadie y por todo le quedaria reconocida

Su afma S.S. q. le s. m

Cartón de visita
manuscrito de Rosina
Sánchez, viúva de Lamas
Carvajal, dirixida a
Manuel Murguía

DELFIN CASEIRO NOGUEIRAS

1954, Rairiz da Veiga - Ourense

Licenciado en Filloxía Románica e Galego-Portuguesa. Catedrático de Língua e Literatura no Instituto Blanco Amor de Ourense. Colaborador en libros de texto e revistas especializadas. Membro da Mesa pola Normalización Lingüística. Responsábel do Servizo de Normalización Lingüística de Vilar de Santos.